

b) Lugar de presentación: concello de Palas de Rei, avda. de Compostela, 28, 27200 Palas de Rei (Lugo).

9. Apertura de ofertas.

a) Entidad: Concello de Palas de Rei.

b) Domicilio: avda. Compostela, 28.

c) Data: terceiro día hábil seguinte ao de remate de presentación de ofertas.

d) Hora: 12.00 horas.

10. Gastos de anuncios: por conta do adxudicatario.

11. Portal informático ou páxina web onde poden obterse os pregos: www.palasderei.com

Palas de Rei, 28 de novembro de 2005.

O alcalde
Rubricado

c) OUTROS ANUNCIOS FEDERACIÓN GALEGA DE BOXEO

Modificación dos estatutos da federación.

Segundo acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada na Coruña o día 4 de mayo de 2005, apróbanse as seguintes modificacións de estatutos, ratificadas polo director xeral para o Deporte da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia o día 24 de outubro de 2005.

Creación de sección deportiva.

Apróbase a creación da sección deportiva de kick boxing e disciplinas asociadas no seo da Federación Galega de Boxeo.

Modificacións estatutarias.

Artigo 2º.-Enderezo.

A *Federación Galega de Boxeo* ten o seu enderezo na r/ Avenida de la Marina, 32-1º, na Coruña, podendo a comisión delegada acordar o traslado, por proposta da xunta directiva, dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3º.-Obxecto e funcións.

1. A Federación Galega de Boxeo ten por obxecto a promoción, organización e defensa do boxeo como modalidade deportiva e do kick boxing e disciplinas asociadas como especialidades dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A federación como entidade de utilidade pública segundo do Decreto 228/1994, do 14 de xullo, e

que posúe con exclusividade a representación do boxeo, kick boxing e disciplinas asociadas en Galicia. Ademais das súas propias competencias, nalgúns casos, actúa como axente colaborador da Administración autónoma.

3.

b) Elaboración dos programas de promoción xeral do boxeo, kick boxing y disciplinas asociadas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 27º.-Das delegacións territoriais.

A Federación Galega de Boxeo organízase a nivel provincial. Para os efectos considérase válida a actual organización de delegacións provinciais.

As delegacións provinciais estrutúranse de acordo coas necesidades de cada demarcación seguindo os principios de representación democrática.

A federación, por mediación das súas delegacións provinciais integra as entidades, clubs, xuíces, adestradores e deportistas que correspondan ao ámbito territorial fixado pola asemblea xeral para cada delegación.

As delegacións provinciais organizaranse seguindo as súas necesidades. Os seus membros serán elixidos polos clubs e deportistas da demarcación correspondente, incluído o delegado que o será a proposta do presidente da federación.

A Coruña, 15 de novembro de 2005.

Partor López Álvarez
Presidente da Federación Galega de Boxeo

RÍAS BAIXAS SILVÁN, S. COOP. GALEGA

Modificación e ampliación do obxecto social.

A sociedade cooperativa *Rías Baixas Silván, S. Coop. Galega* comunica que:

Na asemblea xeral extraordinaria, celebrada o pasado día 30 de setembro, acordouse por unanimidade modificar o artigo 4 dos estatutos da cooperativa, quedando co seguinte teor literal:

«-O exercicio de explotacións agrarias, madeireiras e demais servizos de elaboración e comercialización relacionadas coa agricultura e semellantes.

-Servizos de promoción, compravenda e xestión inmobiliaria.

-Servizos de xestión de venda de todo tipo de maquinarias».

Pontevedra, 7 de decembro de 2005.

Manuel Lafuente Puceiro
Administrador